

XVIII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Nas bocas do futuro: mocidade e lingua

14 e 15 de abril de 2016

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

RESUMOS

MIGUEL PÉREZ PEREIRA

Actitudes, características e compoñentes. Actitudes e conduta. Procesos de adquisición das actitudes. Os modelos sociais e a súa influencia. Marco socio-histórico. Algunhas características da adolescencia que inflúen nos procesos de identificación e formación de actitudes. Podemos promover actitudes e condutas positivas cara ao uso do galego?

FERNANDO RAMALLO

O obxectivo da charla é propor algunhas claves para entender o proceso no que numerosas persoas se apropian de variedades lingüísticas. Para nós, este proceso de apropiación ten dúas partes, a pre-muda e a muda, e os suxeitos que a el se incorporan denominámoslos neofalantes. Entendemos a muda, en tanto que rito de paso, como un marco conceptual que nos permite analizar o cambio social dende unha perspectiva que sitúa este proceso nas dinámicas e nas tensións sociais, culturais, identitarias e ideolóxicas propias das sociedades urbanas contemporáneas nas que se dá o fenómeno do neofalantismo.

LUÍS CUNTÍN

A partir da encomenda recibida do CCG, e desde a miña dedicación como xeneralista aos estudos sociolóxicos, desenvolvín dúas fases complementarias dun estudo sobre o comportamento lingüístico da mocidade de Galicia.

A primeira consistiu nunha aproximación cualitativa mediante a estratexia de grupos de discusión. Para iso convocamos, celebramos finalmente en decembro de 2015, transcribimos e analizamos tres, que querían ilustrar tres realidades: a Galicia rural, a que se proxecta nas vilas cabeceira de comarca e a urbana, caracterizándoas en termos tópicos, en tres niveis crecentes en perspectiva económica e académica e en tres decrecentes de idade. Así nos “XVIII Encontros para a Normalización Lingüística. Nas bocas do futuro: mocidade e lingua”, na última sesión do día 14, comparecerei con oito protagonistas, seleccionados de entre as vinte e unha persoas participantes nos grupos devanditos por encarnaren as variantes máis significativas do discurso identificado, e conversaremos arredor das liñas xerais que se tiran como conclusión da análise practicada.

Logo o día 15, na primeira sesión da tarde, acompañarei a Häkan Casares, técnico do propio Consello, e a Xaquín Loredó, da RAG, nun duplo papel.

En primeiro termo, en razón da segunda encomenda que recibín do Consello da Cultura Galega: desenvolver unha enquisa que, dialogando coa información cualitativa, fíxese unha achega estatística sobre algúns aspectos chave do comportamento da nosa mocidade na materia en estudo. Na medida que o deseño do cuestionario aplicado foi obra practicamente exclusiva deses dous profesionais devanditos e que eles están a traballar desde a súa experiencia recoñecida neste eido cos datos obtidos -para alén de que eu desenvolvera unha análise propia de aproximación a eles como contraste das evidencias cualitativas-, nesa perspectiva cumprírame, pois, unicamente fornecer algunha referencia técnica que, ao fío do desenvolvemento da súa presentación, for precisa.

Logo terei ocasión de presentar sumariamente as evidencias e tendencias manifestas na análise cualitativa. Desde logo estas insisten na pertinencia da hipótese principal que, ao cabo, xustifica a investigación emprendida no seu conxunto: existe nalgunha medida unha disociación entre a expresión formalizada de aprecio pola lingua, entre a capacidade de argumentar o seu valor como dato da identidade e a orixinalidade cultural de Galicia e o seu uso efectivo. O prestixio social do galego -non tanto no sentido clásico senón traducido aos termos en que opera na socialización horizontal da xente nova-; as diferenzas que marca a extracción social e o medio socio-xeográfico; o recoñecemento efectivo do galego como lingua que comparece con naturalidade nas formas de comunicación asociadas caracteristicamente coas novas posibilidades tecnolóxicas que están a configurar a cultura nas súas expresións máis contemporáneas; o efecto dos procesos de normalización por vía académica, ou os indicios que levan a considerar un factor de xénero nas actitudes e usos da mocidade son algunhas, non as únicas, dimensións entrelazadas en que se expresa unha realidade con signos contraditorios. Unha realidade en que xunto coa vixencia do

tópico, do que cabería esperar sorprenden algúns paradoxos dando conta da complexidade do presente da lingua e do aberto, acaso do incerto do seu futuro, xa en boa medida nas mans e nas voces de quen se van incorporando, ou van facelo ben logo, á vida adulta.

EDUARDO RODRÍGUEZ BANGA

Na miña presentación centrareime na descrición da situación da lingua galega nas denominadas tecnoloxías da fala, fundamentalmente nas técnicas de recoñecemento e síntese de voz, e de tradución automática estatística. Na actualidade estas técnicas precisan da análise e extracción de información dunha gran cantidade de datos. No caso da lingua galega os cörpera necesarios para estas aplicacións aínda son escasos e non sempre de fácil acceso.

MARCUS FERNÁNDEZ

Realizarase un achegamento aos recursos dixitais sobre o galego dispoñibles, que van dende aplicacións informáticas até páxinas web, dando conta tamén de detalles como a importancia do *crowdsourcing* para a súa localización e de problemas como a obsolescencia de desenvolvemento anteriores. Tamén se salientará a importancia de contar cun dominio para a lingua e a cultura galegas de cara á localización e identificación de recursos na nosa lingua.

XUSTO A. RODRÍGUEZ RÍO

Desde a primeira edición dos Encontros ata hoxe, o noso contorno tecnolóxico cambiou máis ca en moitas décadas atrás. As tecnoloxías da información e as comunicacións crearon novos espazos e novos soportes que fomos aproveitando para a creación de recursos e ferramentas.

Xa que logo, dicir que hoxe contamos con materiais cos que hai 18 anos nin soñaríamos é simplemente unha obviedade, porque exactamente o mesmo poderíamos dicir en calquera outra faceta das nosas vidas.

O realmente relevante é saber se aproveitamos esa revolución tecnolóxica da mellor maneira posible, tendo en conta as características da sociedade galega (pouco implicada na promoción da lingua propia, avellentada, pouco avanzada

tecnoloxicamente...) e as do noso colectivo profesional (pequeno, de formación filolóxica, xestionando recursos escasos, precarizado...).

A cuestión sobre a que me gustaría debater é: temos os mellores recursos lingüísticos dixitais que –nas nosas circunstancias– podemos producir? Se temos algúns, intentaremos ver qué elementos fan que os consideremos “bos”, e destacaremos eses elementos como os eixes a través dos cales moitos outros recursos podían mellorar a súa eficiencia.

ANIK NANDI

A miña intervención, céntrase na glotopolítica de Galicia, máis concretamente na avaliación da política lingüística e o seu impacto na sociedade galega. En concreto, un dos seus principais obxectivos é investigar as estratexias para a transmisión interxeracional do galego no contexto familiar. Por medio dun enfoque etnográfico, analizarase a relación dos pais galegos que, a través das súas crenzas e prácticas lingüísticas individuais, desempeñan un papel predominante na revitalización e mantemento do galego fóra da escola, concretamente dentro da familia. Así, os eixes da miña investigación son:

- Cal é o papel dos axentes individuais (nais e pais) na interpretación e implementación da política lingüística do goberno no ámbito familiar dos contextos urbanos e semi-urbanos de Galicia?
- Cales son as estratexias postas en xogo dentro das familias e cales son os resultados desas estratexias?
- Cales son os factores principais que inflúen no éxito ou fracaso desas estratexias?
- Trátase dunha cuestión das decisións das nais e pais ou existen factores sociais e estruturais que determinan os resultados da política lingüística familiar?

Para este estudo entrevistei as nais e os pais que pasaron polo sistema educativo de Galicia a partir do 1975 e viviron as primeiras políticas lingüísticas da Autonomía. Usando datos etnográficos, desenvolvo a miña análise sobre:

- (a) notas de campo e observacións;
- (b) dous grupos de discusión en Vigo e Santiago de Compostela;
- (c) auditoría de uso lingüístico dentro da familia con catro familias.

MARTA GÓMEZ OCAMPO

Análise da evolución das diferentes normativas que regulan a política lingüística no ensino non universitario na Comunidade Autónoma Galega dende o inicio da Transición Española ata a actualidade. As etapas da política lingüística e os docentes e EDNL como actores clave no proceso de normalización e fomento da lingua galega:

- Introducción: conceptos clave sobre políticas públicas
- A situación do galego no ensino nos anos 70
- A LNL de 1983: o punto de partida do proceso de normalización
- A política lingüística nos anos noventa: xurdimento dos ENL e Decreto 247/1995
- PXNL
- A política lingüística durante o goberno bipartito (2005-2009) e o papel dos ENL
- A política lingüística durante os gobernos de Núñez Feijoo (2009-actualidade): o papel dos docentes e dos Equipos de Dinamización e Normalización da Lingua Galega.

HÅKAN CASARES BERG

En 2015 o Consello da Cultura Galega puxo en marcha a realización do estudo “O comportamento lingüístico da mocidade”. Trátase dunha investigación que, a partir de metodoloxías cualitativas e cuantitativas, pretende detectar cales son as causas da aparente desgaleguización da mocidade.

O Observatorio da Cultura Galega presenta algúns avances dos resultados obtidos dunha enquisa que se realizou a mozos de entre 15 e 25 anos de toda Galicia.

Dentro da gran cantidade de datos obtidos, faise unha selección dalgunhas áreas temáticas que conforman o marco teórico sobre o que se asenta a investigación. Ofrécense resultados sobre actitudes lingüísticas, autoconfianza á hora de comunicar e percepción de discriminación, entre outras. O obxectivo é tentar explicar que variables inciden en maior medida nestes complexos e que relación teñen co uso da lingua.

XAQUÍN LOREDO GUTIÉRREZ

A mocidade galega caracterízase por ser o tramo da poboación no que a presenza do galego ten unha menor entidade; pola contra, este sector da poboación caracterízase por ter as mellores destrezas e actitudes lingüísticas explícitas. Esta disonancia entre

usos, competencias e actitudes lingüísticas explícitas levounos a analizar o uso futuro da L2 (L2 galego, L2 español) mediante o construto 'intención de comunicar na L2' (Willingness to Communicate, WTC; MacIntyre, 2007; MacIntyre & Charos, 1996; MacIntyre & Dörnyei, 1998). A segunda parte do estudo céntrase nos factores contextuais, individuais e sociais que determinan a WTC: identidade etnolingüística (Harwood, Giles & Bourhis, 1994), autoconfianza en galego, presión lingüística ou actitudes lingüísticas (rev. González *et al.*, 2011).

CECILIO LAPRESTA

O obxectivo xeral desta conferencia é reflexionar a partir de modelos teóricos e datos empíricos sobre o efecto dos Modelos de Educación Bilingüe na aprendizaxe lingüística, as actitudes lingüísticas e os usos. Neste sentido, a investigación indica que se ben estes modelos garantiron (dependendo do contexto) o coñecemento de linguas minoritarias e/ou minorizadas, non ocorreu necesariamente o mesmo coas actitudes e cos usos. A análise das causas deste feito e o papel do sistema educativo serán abordadas para a súa máis profunda comprensión e debate.